

Estimados compañeiros/as:

A Fase de Zona do XXIV Rebumbio Matemático Galego para 6.º curso de Educación Primaria, convocado por **AGAPEMA**, terá lugar o venres, **25 de abril, ás 10:30 h.**, en cada unha das sedes.

Na Zona de Ferrol non hai o mínimo de 5 equipos para participar, polo que terán que xuntarse cos da zona da Coruña, por ser a máis próxima.

A proba consistirá na resolución polo grupo, de xeito cooperativo, de cinco actividades. O alumnado disporá dun tempo máximo de dúas horas e **deberá ir provisto de calculadora e material de debuxo (regra...)** Na valoración das actividades primará o método empregado, a súa orixinalidade, a claridade no desenvolvemento...

O alumnado debe traer ese día algunha identificación, preferentemente o DNI. Se non o ten suxerimos a súa identificación por algún dos procedementos seguintes: carné do centro ou da biblioteca, ou ben certificación do centro coa foto do alumno e selada.

A presentación dos equipos na sede correspondente será ás 10:30

Ás 11 h abrirase o sobre lacrado coas probas, e terán ata as 13 h para solucionar as actividades.

Ás 11:30 h poñeranse en contacto os encargados de cada zona coa responsable da Coruña, para comunicar o número de grupos que se presentaron, e facer o **reparto proporcional** de equipos a clasificar para a fase final en cada unha delas.

A lista dos 15 equipos participantes na fase final o 16 de maio colocárase na páxina web <http://www.agapema.org> e comunicárase aos centros o día 4 de maio.

A proba da fase de zona desenvolverase segundo o seguinte programa:

10:30 h	Recepción dos participantes: benvinda e información do desenvolvemento das probas e da sesión, en xeral.
11:00 h	Comezo das probas para o alumnado.
13:00 h	Remate das probas.

Enviamos tamén, e colgaremos na web, os nomes dos grupos e os alumnos que participarán na fase de zona.

Os lugares de celebración da proba en cada zona, e a persoa de AGAPEMA responsable da mesma, figuran no cadro da páxina seguinte:

Zona	Sede	Grupos
A CORUÑA	Forum Metropolitano R/ Río Monelos 1 15006 A Coruña Tfno.- 981184293 Isabel Miguélez	24
LUGO	Círculo das Artes Praza Maior 23 27001 Lugo Manuel Vilariño	9
OURENSE	Centro de Formación e Recursos de Ourense Avenida da Universidade 18, 32005 Ourense Tfno.- 988241533 Ricardo Padrón Chao	6
PONTEVEDRA	IES A Xunqueira I Rua Alexandre Bóveda. 36005 Pontevedra Tfno.- 886159721 Marina Germiñas	14
SANTIAGO	<i>Facultade de Ciencias da Educación. Campus Norte.</i> <i>Aula 12 (pode cambiar o número da aula)</i> <i>Av. Xoán XXIII.</i> <i>15704 Santiago</i> <i>Tfno.- 881812016</i> <i>Teresa Fernández Blanco</i>	15
VIGO	CPR Rosalía de Castro Estrada de Bembrive, 91 36214 Vigo Tfno.- 986420433 Emilio Fernández Fontenla	11

Un saúdo a todos os participantes.
Polo Comité Organizador,

Isabel Miguélez